

TEMA 6 - Relevo, hidrografía e climas de España e Galicia

Parte 2: Hidrografía e climas de España e Galicia

Índice

1

3. Os ríos peninsulares → páxina 1.

4. A diversidade climática en España → páxina 2.


5. O clima de Galicia → páxina 4.

3. Os ríos peninsulares

- **Ríos da vertente cantábrica:** proveñen na súa maioría da Cordilleira Cantábrica, polo que son **moi curtos**. Salvan unha gran pendente nun curto espazo (son moi erosivos) e son moi **caudalosos**.
Exemplos: **Eo**, **Nalón**, **Nervión**, **Bidasoa**.
- **Ríos da vertente mediterránea:** Excepto o **Ebro**, son **curtos**, con caudal **irregular**, moi **escaso** nos meses do verán.
Exemplos: **Segura**, **Xúcar**, **Turia**, **Llobregat**, **Ter**.
- **Ríos da vertente atlántica:** na súa maioría discorren pola Meseta. Son **longos**, cun caudal **irregular** (diminúen moito o seu caudal no verán).
Exemplos: **Miño**, **Douro**, **Texo**, **Guadiana**, **Guadalquivir**.



4. A diversidade climática en España



2

1. Clima atlántico ou oceánico

- **Localización** → Noroeste e norte peninsular.
- **Características** → Precipitacións abundantes (máis de 800 mm ó ano), con máximas no inverno e mínimas no verán. Temperaturas suaves. A oscilación térmica (é dicir, a diferenza entre o mes máis cálido e o máis frío) é baixa (en torno a 10°).
- **Vexetación** → árbores caducifolios (carballo, faia...), landa (toxo) e praderías.

A vexetación da paisaxe oceánica




Árbores caducifolios (Carballo)



Landa (Toxo)




Praderías



2. Clima mediterráneo

- **Localización** → beiras do Mediterráneo, Illas Baleares e interior peninsular.
- **Características** → Precipitacións irregulares e escasas (300 – 700 mm), con veráns secos. Temperaturas: invernos temperados e veráns calorosos (superan os 22°). A **seca** do verán é característica deste dominio climático.
- **Existen tres variantes:**
 - **Costa mediterránea** (costas catalá, valenciana, andaluza e balear). Veráns calorosos e invernos que non baixan de 10°C.
 - **Interior** (Meseta, interior de Andalucía, Val do Ebro). Veráns moi calorosos e invernos fríos, polo que a oscilación térmica elevada (+15°C).




- **Árido ou subdesértico** (en Almería e Murcia), con menos de 300 mm anuais.
- **Vexetación** → bosque mediterráneo perennifolio (aciñeira, sobreira, piñeiro...), matogueiras (xestas, breixos, tomiño, lavanda...).




3. Clima subtropical canario

- **Localización** → Illas Canarias
- **Características** → Precipitacións escasas (non superan os 300 mm anuais). Temperaturas elevadas todo o ano (media anual en torno ós 20°).
- **Vexetación** → escasa debido ás precipitacións reducidas, pero varía dependendo da altitude. Existen especies **endémicas** (propias das illas) como o **drago**, a **palmeira**, o **piñeiro canario**.




4. Clima de montaña

- **Localización** → en todos os sistemas montañosos por riba dos 1000 m de altitude.
- **Características** → Precipitacións abundantes (superiores a 800 mm), en forma de neve nos meses fríos. As temperaturas diminúen conforme imos subindo en altura (os veráns non superan os 20° e os invernos son moi fríos, baixan de 0°).
- **Vexetación** → A vexetación de montaña distribúese en pisos conforme aumenta a altitude.
 - **1º Piso (pé da montaña):** árbores de folla perenne (aciñeiras, sobreiras).
 - **2º Piso (ladeira):** árbores de folla caduca (carballos, castiñeiros, faias).
 - **3º Piso (ladeira):** bosque de coníferas (piñeiro, abeto).
 - **4º Piso (cumes):** matogueiras (xestas, breixos).
 - **5º Piso (cumes máis elevados):** prados ou ausencia de vexetación (debido ó frío e ás neves perpetuas).



5. O clima de Galicia

Galicia sitúase na zona de clima oceánico. Podemos distinguir as seguintes características xerais:



- ♣ **Temperaturas** suaves todo o ano: inverno (en torno a 10°) e verán (en torno a 20°). Se avanzamos cara ó **Sur**, as temperaturas **augmentan**. **Diminúen** cando avanzamos cara ó **Norte** (A Coruña, Lugo) e ó **interior** (Ourense, Lugo).
- ♣ **Precipitacións** abundantes durante **todo o ano**. Acadan o nivel máximo no outono-inverno. Os ventos húmidos de compoñente **Oeste** (é dicir, os que proceden do O, NO e SO) traen precipitacións. Estas son máis copiosas no **litoral**. Nalgúns puntos do interior, así como nas serras máis altas, poden chegar a ser en forma de **neve**.
- ♣ Distinguimos **catro variantes**: oceánico costeiro, oceánico interior, oceánico de influencia mediterránea e oceánico de montaña.